


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

23 de decembro do 2023

## IV DE ADVENTO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDE DE BENVIDA

🎵 **nº 38** *Que veña Deus á nosa terra*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en parroquia a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe segue a amosar un desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Continuamos o tempo do Advento, tempo no que nos preparamos para o encontro con Deus.

Para chegar ao Nadal deste ano estamos a tecer unhas actitudes fundamentais para a vida. Ten isto moito que ver coa situación que se vive en Palestina e Israel. Está claro que hai que tecer mellor as cousas para que a VIDA naza no medio de nós.

Temos neste taboleiro a imaxe de María tecendo PAZ, tecendo DIGNIDADE E RESPECTO, tecendo DIÁLOGO para dar acubillo ao seu fillo cando o teña nas súas mans. É a nai que tece vida para que Xesús se faga á nosa beira e poida sentir o noso agarimo.

Hoxe imos descubrir o último fío co que vale a pena tecer a VIDA.

## ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

**Monitor/a:** *A coroa do advento vai completarse agora, pois pouco a pouco fomos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus. Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta*

**CANTO** 🎵 n° 38 “**Que veña a luz á nosa terra**”

**Monitor/a:** *Hoxe, coa última vela deixámonos alumear polas persoas que como Santa María son exemplo: que tería sido de nós sen o bo facer das nosas nais?*

*Deixámonos alumear pola luz de todas esas persoas, que como María, saben tecer vida, saben escoitarnos e saben aconsellarnos.*

*Deixámonos alumear por todas esas persoas que, como María, se comprometen e vale a pena fiarse dos seus consellos e dos seus feitos.*

*E acéndese a última das velas da coroa, mentres se canta*

**CANTO** 🎵 n° 38 “**Que medre a luz na nosa terra**”

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; lembramos aos Palestinos que nestes días ven desprotexidos e esquecidos os seus dereitos de terra, e non poden vivir na paz que alí mesmo sementou Xesús.*

*(silenzo)*

## **Celebrante:**

Deus, noso Pai,  
enche coa túa graza os nosos corazóns.

Polo anuncio do anxo  
déchesnos a coñecer a encarnación do teu Fillo.

Lévanos polo seu evanxeo e pola súa vida  
á gloria do seu Reino de xustiza e paz.

Pedímoscho por Xesucristo, que por Santa María  
se achega a nós e vive e reina  
por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Na Palabra que hoxe imos escoitar, Deus fai unha promesa: vai estar á beira do seu pobo.*

*O evanxeo achéganos a María.*

*Esperar e acoller foi o que fixo ela neste tempo de Advento camiño ao Nadal. Quixemos con ela ir tecendo cos fíos da vida, e hoxe ela vai ser quen de dicirlle a Deus: Aquí estou, fágase en min a túa vontade.*

*Imitámola nestes días tecendo cos fíos da vida e agora con ela acollemos nós tamén a vontade de Deus na nosa vida.*

## LECTURA DO LIBRO SEGUNDO DE SAMUEL

Instalado o rei David na súa casa, e como o Señor lle dera a paz cos seus inimigos do arredor, díxolle el ao profeta Natán:

- Repara que eu estou instalado nunha casa de cedro, mentres a arca do Señor habita nunha tenda.

Natán respondeulle ao rei:

- Todo o que tes no corazón, anda e faino, pois o Señor está contigo.

Aquela mesma noite veulle a Natán esta palabra do Señor:

- Vai e dille ao meu servo David que isto di o Señor: Eu estiven contigo en todo o que emprendiches. Eu fixarei tamén un posto para o meu pobo Israel. Eu plantareino e el vivirá alí sen sobresaltos.

Cando se cumplan os teus días e vaias durmir con teus pais, eu establecerei despois de ti un teu descendente, nado das túas entrañas, e farei firme o seu reino.

Eu serei para el un pai e el será para min un fillo.

A túa familia e o teu reino permanecerán na miña presenza para sempre, o teu trono manterase firme eternamente.

### Palabra do Señor

🎵 n° 7 *Andarei na presenza do Señor* SALMO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaret, onde unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María.

Entrando onde estaba ela, díxolle:

- Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.

Ela turbouse con estas palabras, cavilando no que podería significar o saúdo aquel. O anxo continuou:

- Non teñas medo, María, porque ti atopaches graza ante Deus; e, fíxate, vas concibir no teu ventre e darás á luz un fillo, ao que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na casa de Xacobe, e o seu reinado non terá fin.

María respondeulle ao anxo:

- E como pode ser isto, pois eu son virxe?

O anxo replicoulle:

- O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirete coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. Aí tes a túa curmá Isabel, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles.

María contestou:

- Velaquí a escrava do Señor, cúmprase en min o que dixeches.

E o anxo marchou de onda ela.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

### Reflexión a xeito de homilía




Este camiño de advento que estamos a facer remata agora co último dos fíos que nos achega ao NADAL.

\* O que agora imos facer é descubrir con que fío se espera que nós vaíamos tecendo a vida.

(arrincamos o novelo do 4º do advento e enganchámolo no espazo que temos no debuxo no que María está tecendo).

É camiño ao Nadal **TECER CON COMPROMISO**



Esta última semana do advento amósanos a necesidade de estar sempre atentos e dispostos a tecer cos fíos do COMPROMISO.

Hoxe eses fíos queremos achegar a Palestina e Israel, e a tantos e tantos pobos que viven con medo pola vida. Non podemos conformarnos con simplemente pasar pola vida, porque a vida para facerse mellor necesita dunha fe que nos compromete.

HOXE TOCA TECER COS FÍOS DO COMPROMISO PARA DAR ACUBILLO Á VIDA QUE NO NADAL NACE EN NÓS.

**Tecemos compromiso cando as nosas mans non se quedan agochadas nos bolsillos.**

**Tecemos compromiso cando os nosos feitos demostran que as nosas palabras son de fiar.**

**Tecemos compromiso cando facemos ben, somos coherentes e non temos medo ao que dirán.**

**Tecemos compromiso cando non calamos todas esas situacións que nos doen e non nos deixan ser felices.**

**Tecemos compromiso cando nos atrevemos a recoñecer os erros e procuramos facer as cousas mellor.**

**Tecemos compromiso cando poñemos o mellor de nós mesmos para dar vida a esta parroquia. Sabemos que a fe non se fai con rutinas, se queremos ser cribles temos que encher de feitos a nosa fe, feitos como este compartir arredor da mesa.**

É camiño ao Nadal **TECER CON COMPROMISO**

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante** Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es o Deus que nos compromete en Xesús, queremos hoxe facelo mellor tecendo vida cos fíos dos nosos feitos, e así dar acubillo a quen no Nadal nace á nosa beira. Dicimos:

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

**Monitor/a:**

Crede en Deus, Pai e Nai

que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Crede en Xesús Cristo,

que se achega a todos nós, que nos convida a estar alegres pola súa boa nova, e que nos alenta a comprometernos nos feitos máis alá das rutinas?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Crede no Espírito Santo,

que nos alenta a compartir cos de corazón esgazado e a tecer irmandade cos fíos do compromiso?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Crede na Igrexa,

comunidade e terra na que o Señor fai saír os gromos da paz e fai xermolar as sementeiras do compromiso?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** Oremos ao Señor, noso Deus, tecendo a vida cos fíos do compromiso para facer un mundo mellor para todos. Oremos dicindo:

**Queremos tecer compromiso, Señor**

**Monitor/a**

✓ Rezamos para que colaboremos con Deus na intención de facer unha igrexa sinxela e crible nos feitos. Recemos.

✓ Rezamos para que colaboremos con Deus no seu desexo de que os pobres sexan tidos en conta, e nós sexamos mans de vida para eles. Recemos.

✓ Rezamos para que colaboremos con Deus en apreciar, respectar e axudar a todas as persoas que non son tratadas dignamente. Recemos.

✓ Rezamos para que colaboremos con Deus na procura dun mundo máis comprometido coa vida, pois dóenos ver o pouco que vale en moitos lugares. Oremos.

✓ Rezamos polas persoas que por unhas ou outras razóns non van ter un bo Nadal. Oremos

**Celebrante:** Grazas Pai pola man de vida que nos dás no teu Fillo Xesús, a quen queremos acoller no acubillo do noso tecer comprometido. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

**Celebrante:** *Deus camiña cerca. Cerca de quen é capaz de amosar a tenrura de ser nai, cerca de quen é coherente para facer aquilo que di, cerca de quen está comprometido cando reza dicindo “fágase a túa vontade”. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dicirlle o que temos aprendido en Xesús:*

*NOSO PAI ...*

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *As nosas mans abertas falan de estar atentos, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de estar vixiantes coas vidas esquecidas, falan de comprometerse. Que o Deus da paz nos alente a tecer agarimo camiño ao Nadal.*

🎵 **nº 36 Fagámola paz irmáns**

#### COMUÑÓN

**Celebrante:** *A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla, é esperalo e acollelo no Neno que nos nace no Nadal.*

*Ditosos nós por sermos invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

🎵 **Que medre a paz (ben, amor, fe, ...)**

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:** Señor, pedimos que volvas para nós os teus ollos compasivos.

Fai que o noso compartir de cada día nos achegue a celebrar dignamente as vindeiras festas do Nadal coa mesma ilusión e esperanza que mostrou Santa María.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

*Esperar NADAL é tecer cos fíos do compromiso sabendo que Deus conta con nós. Sigamos tecendo camiño do Nadal, xa non queda nada.*

*Esperar NADAL é rezar hoxe cos feitos que nos comprometen para poñer ilusións renovadas nas nosas vidas tantas veces cheas de presas e rutinas.*

*Esperar NADAL é seguir tecendo paz, dignidade e respecto, diálogo, e nesta semana compromiso. Levemos con nós o fío que nos achega un pouco máis ao Nadal*

#### **TECER CON COMPROMISO**

(Repartimos os FÍOS para levalos para a casa)

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*